




XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria
mpr

Avda. Fernández Ladreda 43 - 8º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805903 Fax: 986 805937
xefe.territorial.pontevedra@xunta.es

galicia



IES LAXEIRO
Avenida Buenos Aires 71
(Santa Maria dos doores p.)
36500 - Lalín

Achego resolución desta Xefatura Territorial na que se delimita as áreas de influencia dos centros dese Concello, co obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio e coa finalidade de, segundo a planificación previamente realizada, atender as necesidades de escolarización segundo as disposicións regulamentarias en vigor.

Pontevedra a 18 de abril de 2013

O xefe territorial,

César A. Pérez Ares



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Data 19/04/2013 08:47:17

SAÍDA 56679 / RX 247736





XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de
Educación e Ordenación Universitaria

Avda. Fernández Ladreda 43 - 8º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805903 Fax: 986 805937
xefe.territorial.pontevedra@xunta.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
COMPLUSADO E CONFORME CO ORIXINAL

Pontevedra

18 ABR 2013

A Xefe de Negociado de Secretaria

Asido.: Marga Prego Reboredo

RESOLUCIÓN

En relación ao proceso de establecemento de áreas de influencia de centros docentes para os efectos de escolarización de alumnos e alumnas, esta Xefatura Territorial, de acordo coa planificación previamente realizada para atender as necesidades de escolarización, no Concello de Lalín, estima o seguinte:

Primeiro.- O Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 26/12/2012), sinala no seu artigo artigo 8 ao referirse ás áreas de influencia que, no seu ámbito de actuación, a persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de educación delimitará as áreas de influencia dos centros, de acordo co procedemento que se estableza por orde da persoa titular da consellería, e logo de consulta aos sectores afectados. Para determinar as áreas de influencia terá en conta que exista un centro docente público e a súa capacidade, a poboación que hai que escolarizar no seu contorno e, sempre que sexa posible, incluírá un centro privado concertado.

Ao tempo, o artigo 2 da ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 15/03/2013), ao falar das áreas de influencia, áreas limítrofes e procedemento para a delimitación, sinala:

1. A área de influencia dun centro é o conxunto de todas as direccións catastrais nas que se obtén a máxima puntuación polo criterio de proximidade do domicilio familiar ou do lugar de traballo das/os nais/pais ou representantes legais.

2. A persoa titular da xefatura territorial delimitará as áreas de influencia dos centros e as limítrofes destas, oídos os consellos escolares municipais, a xunta provincial de directoras/ es e un/unha representante das/dos titulares dos centros privados concertados, e logo do informe da inspección educativa.

De non estar constituído o consello escolar municipal, oírase o concello ou concellos afectados.

3. As áreas de influencia e limítrofes terán unha vixencia de cinco anos prorrogables, sen prexuízo de que se poida proceder á súa modificación en calquera momento, por variación dos postos escolares ou da poboación que haxa que escolarizar no seu ámbito, ou porque así o aconselle a experiencia acadada na súa aplicación.

4. A resolución pola que se delimiten ou modifiquen as áreas de influencia e limítrofes publicarase antes do inicio do correspondente proceso de admisión no ámbito das xefaturas territoriais e manteranse expostas durante todo o proceso

Segundo.- A persoa titular da xefatura territorial delimitará as áreas de influencia dos centros e as limítrofes destas, oídos os consellos escolares municipais, a xunta provincial de



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de
Educación e Ordenación Universitaria

Avda. Fernández Ladreda 43 - 8º
36003 PONTEVEDRA
Tel: 986 805903 Fax: 986 805937
xefe.territorial.pontevedra@xunta.es

director/ as e un/unha representante das/dos titulares dos centros privados concertados, e logo do informe da inspección educativa., e logo de informe da inspección educativa, delimitáronse as áreas de influencia dos centros co obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio.

Terceiro.- Unha vez escoitados a Xunta Provincial de Directores, un representante dos titulares dos centros concertados e comunicada a proposta ao Concello de Lalín e vistos os Informes da Inspección Educativa.

A vista de todo isto, esta Xefatura Territorial e en uso das atribucións recoñecidas na Disposición Adicional Primeira do DECRETO 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG 18/01/2013)

RESOLVE

Primeiro.- DELIMITAR as áreas de influencia dos centros do Concello de Lalín co obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio e coa finalidade de, segundo a planificación previamente realizada, atender as necesidades de escolarización, segundo as disposicións regulamentarias en vigor.

Segundo.- As devanditas áreas de influencia quedarán como figuran no documento que se anexa a esta Resolución e figuran na Inspección Educativa.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer **recurso de alzada** ante o Director Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo de **1 mes**, contado a partir do día seguinte á data na que reciba a presente resolución, de acordo co establecido nos artigos 114, 115 e concordantes da Lei 30/1992 de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En Pontevedra a 5 de abril de 2013

O Xefe Territorial



Asdo.: César Augusto Pérez Ares

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
COMPULSADO E CONFORME CO ORIGINAL

Pontevedra,

18 ABR 2013

A Xefa de Negociado de Secretaría

Asdo.: Marga Prego Reboredo


PROPOSTA DE ZONIFICACIÓN ~~DO CASCO URBANO~~ DO CONCELLO DE LALÍN A EFECTOS DE ESCOLARIZACIÓN

Reunidas as direccións dos Colexios Públicos do Concello de Lalín, a efecto de modificación de zonas de escolarización e estudadas as propostas de modificación solicitadas por cada centro,

Acordan propoñer as modificacións que se acompañan

Asinando a presente, en Lalín a 22 de novembro de 2.012

Directora Ceip Manuel Rivero



Asdo: Dña M^a Carmen Vázquez Blanco

Directora Ceip Xesús Golmar



Dña M^a Jesús Froiz Gil

Directora Ceip Vicente Arias de la Maza




Asdo: Teresa Aller Alonso

Directora Ceip Varela Buxán



Asdo: G. Isabel Couso Carballude

Directora EEI Don Ramiro



Asdo. Flora Mato García

Director Ceip Xoáquim Loriga



Asdo. Manuel Valino Bon

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACION
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
COMPULSADO E CONFORME CO ORIXINAL

Pontevedra, 18 ABR 2013

A Xefa de Negociado de Secretaria

Asdo.: Marga Frego Reboredo

PROPOSTA DE ZONIFICACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN A EFECTOS DE ESCOLARIZACIÓN

A directora do Ceip **Varela Buxán de Cercio** Dna. G. Isabel Couso Carballude e a directora do Ceip **Xeús Golmar de Lalín**, M^a Jesús Froiz Gil, a efecto de reparto das zonas escolares do casco urbano de Lalín

Tendo en conta que na actualidade asisten ao Colexio de Cercio nenos e nenas das seguintes parroquias:

Galegos, Cercio, Rodís, Camposancos, Val do Carrio, O Cello, Cangas, Bermés e Palmou.

Acordan propoñer a división da zona do seguinte xeito:

Que os escolares da parroquia de Sello acudan ao CEIP Varela Buxán.

Equidistante entre Cercio e Lalín está **Sello**, polo tanto os escolares que na actualidade asisten ao CEIP Xesús Golmar de Lalín (transportados pola empresa Mosquera) poderían acudir a Cercio porque é esta mesma empresa quen fai estes recorridos. Podería solucionarse sen aumentar rutas de transporte do seguinte xeito.

Adxúntase:

-Mapa coas zonas anteriores e actuais.

Lalín a 22 de outubro de 2012



Asdo: G. Isabel Couso Carballude



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
COMPULSADO E CONFORME CO ORDINAL

Asdo: M^a Jesús Froiz Gil
Pontevedra, 8 ABR 2013
A Xefa de Negociado de Secretaría
Asdo.: Marga Freixo Reboredo

PROPOSTA DE ZONIFICACIÓN DO CASCO URBANO DO CONCELLO DE LALÍN A EFECTOS DE ESCOLARIZACIÓN

A directora do Ceip Manuel Rivero, Dña. M^a Carmen Vázquez Blanco e a directora do Ceip Xesús Golmar, M^a Jesús Froiz Gil, a efecto de reparto das zonas escolares do casco urbano de Lalín


Acordan proponer a división da zona do seguinte xeito:

1º.- Corresponderia a Manuel Rivero a zona comprendida entre os límites das seguintes rúas: confluencia da rúa Garda Civil a altura da rúa C ata a rúa Pinel, rúa do Pinel, Chalés de Feás ata a confluencia coa rúa Un, ata a rotonda do Alto de Vales, Avda de Madrid e Avda Xosé Cuiña ata a rotonda coa rúa Ramón Aller, rúa Ramón Aller ata a altura da Molinera, rúa Molinera, rúa Pintor Laxeiro, Rúa C ata a confluencia coa rúa da Garda Civil.


2º.- O Ceip Xesús Golmar tería como área de influencia o resto das rúas que non comprende a área do Ceip Manuel Rivero.

3º.- Consideranse áreas limítrofes as rúas contiguas as sinaladas na limitación das zonas de influencia.

Lalín a 22 de outubro de 2012



Asdo: M^a Carmen Vázquez Blanco



Asdo: M^a Jesús Froiz Gil

COMIUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
COMPULSADO E CONFORMADO ORIXINAL

Pontevedra, 18 ABR 2013

A Xefa de Negociado de Secretaria

Asdo.: Marga Prego Reboredo

PROPOSTA DE ZONIFICACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN A EFECTOS DE ESCOLARIZACIÓN

A directora do CEIP **Vicente Arias de la Maza de Vilatuxe, Teresa Aller Alonso**, e a directora do CEIP **Xeús Golmar de Lalín, M^a Jesús Froiz Gil**, a efecto de reparto das zonas escolares do Concello de Lalín correspondentes aos dous centros.

Acordan propoñer a división da zona do seguinte xeito:

Que a zona comprendida entre Botos (Estación) ata Doade, incluíndo Botos (Estación), pase a ser zona de influencia do Ceip Vicente Arias de la Maza, xa que na actualidade é zona de influencia do Ceip Xesús Golmar e teñen máis preto o Ceip Vicente Arias de la Maza de Vilatuxe.

Igualmente pídesse que a zona de Viñoa tamén pase a ser zona de influencia do Ceip Vicente Arias de la Maza (na actualidade pertence ao do Ceip. Xesús Golmar) Xa que a zona de Viñoa é da parroquia de Soutolongo e este pertence a área de influencia do CEIP Vicente Arias de la Maza

Adxúntase:

-Mapa coas zonas anteriores e actuais.



Asdo: Teresa Aller Alonso

Lalín a 22 de outubro de 2012

Asdo: M^a Jesús Froiz Gil

XUNTA DE GALICIA
CONSELERÍA DE EDUCACIÓN
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
COMPULSADO E CONFORME DO ORDINAL
18 ABR 2013
Pontevedra,
A Xefa de Negociación de Secretaría
Asdo.: Marga Prado Reboredo